

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

1. Introducción

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

A Xeografía e a Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

O novo currículo que a LOMLOE establece para esta materia modifica en parte o anterior, ao introducir un enfoque que prima os aspectos competenciais e transversais fronte a unha secuencia clásica baseada no cronolóxico e na separación entre contidos de Historia e Xeografía como ámbitos claramente diferenciados. Ademais disto, o nivel de 2º ESO convértese nun **dos máis** complexos polo transvase de parte dos contidos da Idade Moderna, antes no curso de 3º ESO. Isto compénsase reducindo contidos de Xeografía, que se concentran na demografía, o poboamento e aspectos medioambientais.

Contando coa adquisición das primeiras bases no curso de 1º, neste ano pretendemos seguir avanzando en cuestións clave da materia: traballo con fontes adaptadas ao nivel, metodoloxía centrada nas técnicas de estudo, o dominio dos conceptos clave, do vocabulario propio da materia e do nivel para as dúas disciplinas que traballaremos.

O IES de Oroso sitúase nun concello cunha estrutura particular, xa que se trata dun territorio cun forte peso do rural pero á vez contiguo á cidade de Santiago. Ademais disto, a súa distribución corresponde a once parroquias e conta cunha vila central que é Sigüeiro, cun crecemento importante nas últimas dúas décadas en relación á expansión metropolitana de Santiago. De feito, ten uns indicadores demográficos moito máis equilibrados que o xeral dos concellos galegos, o que está a repercutir no mantemento ou mesmo aumentos puntuais do número de alumnado no centro. Aínda que a paisaxe é claramente agraria, con singular importancia da gandaría de vacún, o sector económico maioritario é o servizos, pero cunha importancia do primario e o secundario maior que a na media galega e estatal. O temario abordado neste curso debe contribuír ao maior coñecemento do alumnado deste contexto inmediato, e á vez, alimentarse das posibilidades que este ofrece para a aterraxe dos contidos.

O alumnado matriculado en 2º ESO neste curso 2023-24 consta de 58 persoas, que se agrupan en só dúas liñas, o que dá lugar a unha ratio de 29 persoas por aula, unha cifra moi elevada que terá necesariamente repercusións á hora de realizar unha atención individualizada ou tarefas grupais. Será preciso ter en conta este factor clave de cara a revisar as metodoloxías e á atención á diversidade en base á práctica real no día a día.

A información que se manexa dende a Orientación sobre os dous grupos é a seguinte:

Teñen concedida exención da segunda lingua estranxeira 12 discentes: en 2º A sete con apoio lingüístico e en 2º B cinco con apoio matemático.

En 2º A temos dúas alumnas que iniciaron escolaridade no noso país o curso pasado e non promocionaron; unha delas con descoñecemento das linguas e dificultades de inclusión. Tamén figura un alumno TEA con dificultades asociadas e unha alumna TDAH que falta con frecuencia a clase, ten AC e promocionou por imperativo legal. A maiores hai outro alumno que non promocionou, e outro no programa de Alerta escolar. Neste grupo está tamén unha alumna con problemática sociofamiliar que require moito traballo no eido emocional.

En 2º B temos: unha alumna con TDAH e disortografía e ansiedade; un con TDA, dificultades de lectoescritura, moi baixa motivación de cara ao traballo escolar e que promociona por imperativo legal; unha alumna con TEA e altas capacidades; unha rapaza con dificultades de lectoescritura; dúas persoas que non promocionaron e teñen que repetir curso, unha delas de étnia xitana; e unha alumna no programa de Alerta escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O inicio da Idade Media.	Trátase da disolución do Imperio Romano e a conformación de tres áreas diferenciadas no inicio da Idade Media: os reinos occidentais, de orixe xermánica, Bizancio e o Islam. O aumento no número de sesións débese a ter en conta a precisa para a presentación do curso.	9	9	X		
2	O tempo do feudalismo.	Analízase o nacemento do feudalismo a partires do proxecto carolinxo, as segundas invasións e o inicio dun proceso de recuperación no tempo do cambio de milenio.	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Do renacer urbano á crise da Baixa Idade Media.	Séguese a culminación do proceso expansivo dos reinos europeos, asociado ao renacer das cidades, o impacto da crise do século XIV, na súa tripla vertente agrícola, bélica e epidémica, e a recuperación no XV.	8	9	X		
4	A Península Ibérica na Idade Media.	Achegamento á evolución da península Ibérica durante a Idade Media, tanto na parte de Al-Ándalus como na formación e evolución dos reinos cristiáns, cunha mención específica para a historia de Galicia.	8	9	X		
5	Artes medievais.	Estúdanse as características, importancia e significado das artes románicas e góticas, en conexión cos seus contextos socioeconómicos, culturais, relixiosos e políticos.	8	8		X	
6	Transición da Idade Media á Moderna.	Trátase dos cambios que abre en Europa a renovación política da man das monarquías autoritarias, e a renovación de ideas asociada ao humanismo e posteriormente ao Renacemento, con dous procesos históricos que marcan o período como son a expansión marítima europea, co foco posto na conquista de América, e a ruptura do cristianismo.	9	9		X	
7	A península Ibérica baixo o proxecto imperial dos Austrias.	A unidade concéntrase na evolución da área peninsular e hispánica no tempo da monarquía dos Austrias, durante os séculos XVI e XVII, tamén cun espazo propio para a historia de Galicia.	8	8		X	
8	Palacios e parlamentos na Europa do século XVII.	Analízase a formación de modelos políticos contrastados como o absolutismo francés ou parlamentarismo inglés. Tamén a importancia do desenvolvemento de espazos para o coñecemento con relativa independencia da relixión, en relación á aparición da ciencia moderna.	8	8		X	
9	Artes do Renacemento e o Barroco.	Estúdanse as características, importancia e significado destas correntes artísticas, en conexión cos seus contextos socioeconómicos, culturais, relixiosos e políticos.	8	9			X
10	Demografía.	Primeira unidade da parte de xeografía, adicada á comprensión das dinámicas demográficas pasadas e actuais, así como ao vocabulario, conceptos e ferramentas de análise principais do ámbito.	9	9			X
11	Poboamento.	Estúdase a forma na que no pasado e no presente os seres humanos habitamos o territorio, coas súas causas e consecuencias. Faise especial fincapé no proceso de urbanización acelerada no que estamos, no contraste cun mundo rural en	8	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Poboamento.	declive e nas repercusións de ambos fenómenos tanto a nivel social como medioambiental.	8	9			X
12	Os retos do mundo actual.	Nesta unidade preténdese un achegamento a dous aspectos relevantes no estudo das sociedades, a desigualdade e os conflitos, así como ao novo escenario que abre a crise medioambiental en relación a estas cuestión. Analízase tamén o papel dos estados ao respecto. O aumento no número de sesións débese a ter en conta a precisa para a recuperación final.	8	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O inicio da Idade Media.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Comprender que por un mesmo territorio pasaron diversos pobos e culturas e ser quen de trasladar isto a análises concretos que relativicen o conceptos como o de invasión.	PE	80
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Comprender o funcionamento de sincronías e diacronías en relación a este período histórico e empregalos correctamente na elaboración e/ou manexo mapas e eixos cronolóxicos.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Diferenciar o modelo de sociedade urbana romano do proceso de ruralización posterior.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Caracterizar os elementos básicos das tres grandes áreas nas que se divide o Mediterráneo neste tempo, a dos reinos xermánicos, Bizancio e o Islam.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Ser quen de reflexionar sobre conceptos como a diversidade ou o etnocentrismo aplicados aos contidos da unidade.	TI	20
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Valorar a orixe diversa das culturas e pobos de Europa e relativizar a fronteira mediterránea co continente africano ao comprender as relacións históricas entre ambos territorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
2	O tempo do feudalismo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identificar o feudalismo como un sistema de relacións sociais e de control dos recursos desigual, no que grupos diversos teñen papeis xerarquizados.	PE	80
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Extraer de escritos e fontes iconográficas características propias do feudalismo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Comprender as consecuencias que o feudalismo ten para os distintos grupos sociais. Identificar factores de discriminación das mulleres dentro dese sistema.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Diferenciar entre as primeiras e segundas invasións, relativizando o propio concepto de invasión.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Identificar no presente algún vestixio, influencia ou legado dos pobos estudados nas primeiras e segundas <i>¿invasións¿</i> .		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Empregar dúas ou máis fontes diferentes para a realización dun traballo sobre a materia.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realizar e expor un pequeno traballo de investigación ou reflexión sobre o feudalismo. Cando menos debe ter unha estrutura clara, cuns obxectivos definidos e referencia directa aos contidos da unidade.	TI	20
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Traballar de forma positiva en pequeno grupo e identificar elementos discriminatorios no feudalismo, sen perder de vista a contextualización histórica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
3	Do renacer urbano á crise da Baixa Idade Media.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprender as relacións básicas entre os tres factores da crise baixomedieval, o agrario, o bélico e a peste.	PE	80
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Ser quen de valorar, a través de fontes diversas, diferentes puntos de vista propios dese contexto histórico sobre a crise baixomedieval e as súas consecuencias.		
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Empregar correctamente os conceptos de simultaneidade e duración e unha secuencia cronolóxica elemental da Baixa Idade Media.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Distinguir as consecuencias e actitudes dos distintos grupos sociais ante a crise, aplicando isto en concreto á vaga de revoltas que se xerou por diversos puntos de Europa.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Identificar nas demandas dos sectores campesiños e urbanos elementos propios da nómina de dereitos das sociedades actuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender que a simultaneidade nos procesos históricos está asociada a relacións entre territorios, a similitudes nas súas características, aplicando isto tanto a expansión da peste como ás revoltas populares.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Establecer conexións entre a materia estudada e elementos do presente (pandemia, crises económicas, loitas polos recursos, etc.).	TI	20
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Ter unha visión crítica sobre a situación social das clases populares campesiñas e urbanas no contexto da crise baixomedieval.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Empregar fontes históricas diversas para realizar un traballo sobre a materia.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Ser quen de aplicar elementos extraídos da materia á explicacións sobre os problemas do mundo actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
4	A Península Ibérica na Idade Media.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Comprender que a península Ibérica recibiu diversos aportes culturais e sociais e que non ten sentido histórico facer xerarquizacións sobre unhas supostas raíces máis auténticas que outras.	PE	80
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Manexar as características elementais da evolución da península Ibérica na Idade Media, no que se refire ás diferentes áreas, períodos e feitos principais.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Entender as diferentes pegadas que supuxeron a aparición de Al-Ándalus e dos reinos cristiáns nos territorios ibéricos.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entender as divisións e xerarquías sociais en cada unha das áreas peninsulares e no que respecta ás minorías relixiosas.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Relacionar con aspectos estudados na unidade fontes primarias e/ou secundarias que deixen ver esas diversas identidades e pegadas deste tempo medieval na península Ibérica.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Identificar na contorna próxima restos patrimoniais propios das épocas estudadas e valorar a súa importancia		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Entender que o tempo de existencia de Al-Ándalus non foi de permanente confrontación de sociedades e relixións, senón que houbo momentos, vías e mecanismos de convivencia e intercambio.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Comprender que é un estereotipo, como se constrúe e que consecuencias pode ter. Rexeitar a discriminación das persoas en base ao uso de estereotipos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Asociar a evolución histórica estudada na península Ibérica con cuestións presentes como a diversidade lingüística en España.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entender que as identidades e culturas actuais son a suma de compoñentes múltiples e diversos, de procesos que inclúen aspectos positivos (encontro, intercambio), pero tamén negativos (guerra, conquista, discriminación).	TI	20
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elaborar unha pequena investigación a través de fontes diversas sobre un problema actual que poida ter conexión cos contidos da unidade. Cando menos dar unha estrutura e organización clara ao traballo e empregar máis dunha fonte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
5	Artes medievais.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Distinguir as tradicións culturais e contextos das diferentes artes medievais, islámica, románica e gótica, tanto no que respecta a aspectos como a relixión como na diferenza rural e urbano.	PE	80
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identificar relacións entre obras artísticas e elementos culturais, contextuais, simbólicos, etc.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Coñecer as características básicas das distintas artes medievais estudadas e identificar as súas pegadas no presente e en especial na contorna máis próxima.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valorar as diferentes formas de expresión cultural e artística, tanto de tempos pasados como de sociedades diversas.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Ser quen de facer achegas persoais sobre os contidos tratados na unidade, que demostren capacidade para comprendelos de forma reflexiva e crítica.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Comprender a parte emocional que existe nas tomas de postura asociadas aos retos do mundo actual. Actuar dun modo consecuente nas actividades realizadas durante a unidade, respectado as normas de convivencia e as opinións e argumentos dos e das compañeiras.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Detectar no uso das redes sociais actitudes e/ou exemplos de discriminación baseado en estereotipos de xénero, raciais, de orientación sexual, culturais, sociais, etc. Achegar algunha boa práctica para evitar isto.	TI	20
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identificar no papel dos Estados e sociedade civil elementos positivos para afrontar os retos do mundo actual. Poder distinguir estes de outros considerados negativos e / ou de escasa incidencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.

Contidos

- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de 2º ESO os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e impulso do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso relativas á Historia trátanse dende unha perspectiva cronolóxica, pero establecendo pontes cos temas da parte de Xeografía, tanto no que respecta aos aspectos políticos, económicos, sociais, pero tamén medioambientais, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible. Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía.

Neste aspecto é viable aplicar neste curso metodoloxías variadas que impliquen un traballo activo e a capacidade de colaborar con compañeiras e compañeiros para crear coñecemento, analizar e discernir entre fontes de información, contrastar datos ou buscar conexións entre os elementos do temario e o contexto máis próximo. Todos eles propician que o alumnado traballe e afofunde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados. En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo, xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un

diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos. Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto de Xeografía e Historia, editorial Vicens Vives.
Apuntamentos, textos, mapas e outros documentos facilitados en papel polo profesorado.
Caderno do alumnado.
Aula virtual do IES de Oroso.
Presentacións elaboradas polo profesor.
Aula de informática do centro.
Recursos de internet: vídeos, páxinas web oficiais e especializadas na materia, podcast, etc.
Libros e banda deseñada.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase antes de que remate a primeira quincena do mes de outubro e terá como ferramenta un cuestionario con preguntas variadas, tanto en formato como en contido. As preguntas incluírán cuestións estudadas na materia en cursos anteriores así como algunha que poida anticipar xa os contidos do curso actual e ser de coñecemento relativamente accesible. Tamén se engadirán mapas e a lectura e análise dun texto, co obxectivo de valorar non só o grao de coñecementos sobre os contidos da materia, senón o desenvolvemento con aspectos máis procedementais.

O resultado deste cuestionario, así como a observación na aula e a corrección das tarefas das primeiras semanas do curso conformarán os materiais que facilitarán a primeira avaliación do alumnado realizada xunto ao resto do equipo docente. A partires desta avaliación, e despois da primeira nota que se obteña por medio dun exame escrito para poder ter unha ferramenta máis de xuízo, procederase a iniciar os reforzos que sexan precisos a aquel alumnado con necesidades educativas especiais. Tamén se axustarán as adaptacións curriculares, sempre partindo das liñas marcadas na adaptación realizada no pasado curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	8	8	8	9	8	8	8	9
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

Cada avaliación contará cunha nota que será conformada pola media das catro unidades didácticas secuenciais correspondentes, ponderadas sobre o 90%. O outro 10% deriva do traballo cotián do alumnado tal como figure nas anotacións de aula e se for o caso, coa revisión do seu caderno. A nota final do curso será a media da nota real, antes do redondeo, das tres avaliacións, polo que o resultado outorga a cada unidade un peso idéntico na conformación da nota final.

En caso de que o ritmo de curso non sexa o previsto e non se imparta en cada unha das avaliacións o mesmo número de unidades, a media final corresponderá á media das unidades impartidas en todo o curso, criterio que prima sobre o trimestral. Neste caso tamén se ponderarán sobre 90%, quedando o 10% restante para o traballo cotián do alumnado.

Os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- Probas escritas tipo exame, que pode recoller contidos e criterios de avaliación de máis de unha unidade didáctica.
- Táboa de indicadores relativa a exercicios e/ou traballos prácticos específicos.
- Anotacións de aula para o seguimento das tarefas cotiáns encargadas e revisión, opcional, do caderno do alumnado.

En cada avaliación debe realizarse cando menos unha proba escrita e recollese tamén a avaliación correspondente aos outros dous instrumentos para conformar a nota final, sendo posible que unha única proba escrita ou táboa de indicadores valore CA presentes en distintas unidades. As probas escritas de cada unidade conformarán un exame, que pode ser conxunto para varias unidades, con preguntas diversas en función dos contidos e criterios a avaliar, que se puntuará unha escala 0-10. As táboas de indicadores concretaranse en rúbricas específicas para cada tarefa en base ao seguinte esquema xenérico:

0 - (non realiza a tarefa).

1 - (realiza menos da metade da tarefa e con moitos erros).

2 - (realiza menos da metade da tarefa con erros puntuais e leves).

3 - (completa a tarefa aínda que con moitos erros / completa a metade ou máis e ten só erros puntuais e leves).

4 - (completa a tarefa con erros puntuais e leves).

5 - (completa a tarefa correctamente)

Tanto as notas das probas escritas como as das táboas de indicadores ponderaranse en función do seu valor concreto dentro de cada unidade didáctica, 80% e 20% respectivamente.

O aprobado implica obter nas medias finais unha nota igual ou superior a 5 puntos, pero existe a posibilidade de redondeo á alza a partires do 4,5. Isto repítese coa posibilidade de redondeo en toda a escala de 1 a 10. A nota redondearase a partires do decimal 0,5 en cada tramo, incluído o 4,5, sempre que a alumna ou alumno teña realizadas cando menos a cuarta parte de actividades propostas dentro das avaliacións correspondentes. O redondeo será a partires do decimal 0,75 se ten feitas cando menos a metade das tarefas, e non existirá redondeo á alza se non chega a ese mínimo de traballo.

Se a media das notas dun trimestre é igual ou superior a 5 non será necesario que a alumna ou alumno realice unha proba de recuperación. Se na avaliación de xuño cumpre estas mesmas condicións tampouco fará unha proba de recuperación final. A media final de cada avaliación deriva da media das notas das diferentes unidades impartidas, coa suma da nota correspondente ao traballo cotiá. Para a avaliación final non se terá en conta a media das avaliacións, senón a das unidades didácticas impartidas.

Criterios de recuperación:

Tras a primeira e segunda avaliacións existirá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación para o que se elaborará un instrumento específico que poderá conter unha proba escrita, tipo exame, e outra práctica. En todo caso buscarase que as probas teñan o formato máis claro e accesible para o alumnado, o que pode implicar que un criterio antes avaliado cunha táboa de indicadores pase agora a avaliarse cun exercicio escrito, sempre que se considere que isto favorece ás posibilidades de recuperación. Tanto a valoración das probas escritas como das táboas de indicadores, seguirán o modelo xa explicado. As probas de recuperación estarán adaptadas a cada alumna/o, incidindo sobre os contidos e criterios de avaliación non aprobados, entendendo as unidades didácticas como bloques compactos, independentemente do resultado concreto de cada instrumento de avaliación.

Cada proba poderá conformarse polo tanto con contidos propios de cada unha das unidades non superadas. A nota obtida na proba corresponderá ao conxunto das unidades avaliadas e será a que compute para a media final, sexa esta por trimestres ou por unidades. No terceiro trimestre non existirá unha recuperación específica, senón unha proba final global, que se elaborará segundo o mesmo esquema exposto para a primeira e segunda avaliacións. Recollerá contidos de todas as unidades didácticas non superadas ao longo do curso e sumarase logo ao resto de notas de cada unidade que xa fora superado para calcular a nota definitiva da materia. O aprobado final seguirá os mesmos criterios xa expostos no apartado de criterios de cualificación en canto ao redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Xeografía e Historia pendente dun curso anterior será titorizado no proceso de recuperación polo profesorado que imparte no seu nivel para o presente curso. Polo tanto, por exemplo o alumnado coa materia pendente de 1º da ESO que curse 2º da ESO será acompañado por quen imparte este último nivel.

O proceso de recuperación incluirá para cada unha das avaliacións dous tipos de probas: un caderno de exercicios que se entregará ao alumnado e será avaliado cun 50% da nota e un exame con preguntas extraídas dese mesmo caderno que sumará o 50% restante. O caderno será avaliado coa seguinte rúbrica:

0 - (non realiza a tarefa).

1 - (realiza menos da metade da tarefa e con moitos erros).

2 - (realiza menos da metade da tarefa con erros puntuais e leves).

3 - (completa a tarefa aínda que con moitos erros / completa a metade ou máis e ten só erros puntuais e leves).

4 - (completa a tarefa con erros puntuais e leves).

5 - (completa a tarefa correctamente)

A nota final será a media das tres avaliacións, contando o redondeo a partires do decimal intermedio (4,5 redondea a 5). En caso de non chegar ao 5, haberá unha proba extraordinaria que consistirá nun exame elaborado con preguntas extraídas de todos os cadernos e puntuado xa sobre o 100% da nota.

A entrega dos cadernos farase nas primeiras semanas de cada avaliación e a data de entrega e das probas adaptaranse á marcada polo centro e en todo caso deberá evitar a coincidencia cos períodos finais de cada avaliación, para facilitar ás posibilidades de recuperación ao alumnado.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis: Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis. Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ser cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo. As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñaranse unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Traballo colaborativo.
7. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Empregaranse todas ou algunha delas en función da evolución do alumnado, das súas necesidades, a dinámica xeral do grupo ou as características de cada unidade didáctica.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Como medida extraordinaria existe a posibilidade da adaptación curricular significativa, o que implica a realización dun documento específico que recolla o nivel de base e todas as medidas precisas de modulación dos criterios de avaliación e contidos, e que se realizará en coordinación co departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.			X	X	X			
ET.3 - ET.3 ¿ Emprendemento, autonomía e traballo en equipo.		X		X	X			X
ET.4 - ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - Creatividade.				X				
ET.7 - ET.7 ¿ Educación medioambiental e para o coidado da saúde.			X					
ET.8 - ET.8 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - conflitos.	X	X	X		X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 ¿ Emprendemento, autonomía e traballo en equipo.	X		X	X
ET.4 - ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - Creatividade.	X			X
ET.7 - ET.7 ¿ Educación medioambiental e para o coidado da saúde.		X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.8 - ET.8 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc.	X	X	X	X
ET.9 - conflitos.				X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a Celanova.	Saída a Celanova con visitas ao mosteiro de San Salvador, Capela mozárabe de San Miguel, Casa dos Poetas e conxunto patrimonial de Vilanova dos Infantes. Coordinada co Dep. de Galego.	X	X	
Saída a Santiago de Compostela.	Vistia á catedral e identificación das características típicas dunha vila medieval e os cambios que se introducen no Barroco.	X	X	

Observacións:

Está pendente de definir en que trimestre se ubicará definitivamente cada unha destas saídas, pero intentarase que sexan antes do terceiro ou en todo caso, de non ser posible, na primeira quincena de maio como data límite para deixar libre o final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario.
Recollo na programación as competencias clave fundamentais.
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
Aproveito as sesións para desenvolver os obxectivos recollidos na programación.
Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade
Manteño o ritmo das sesións previsto na programación. Remato as unidades no tempo previsto sen ter que renunciar a contidos e actividades.

Metodoloxía empregada
Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa.
Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade.
Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..).
O alumnado traballa de forma variada nas miñas clases.
Os exercicios que propoño son diversos.
As metodoloxías que propoño son diversas e inclúen o traballo en grupos o uso das TIC.
Antes de comenzo unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación.
Utilizo diferentes tipos de probas para a avaliación.
Avaliáronse de forma diversa e completa todas as actividades, incluíndo ás de grupo.
As actividades e estratexias son variadas.
Poténciase a lectura e habilidades instrumentais de comprensión e expresión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC na práctica docente.
A avaliación é parte do proceso de ensino e aprendizaxe, non só un elemento finalista.
Medidas de atención á diversidade
Coñezo a composición da clase.
Teño en conta a diversidade para organizar a clase.
A miña programación ten en conta a diversidade.
Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Atendeuse a diversidade e necesidades educativas especiais do alumnado.
As explicacións na aula son axeitadas e inclúen a atención á diversidade.
As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación son axeitadas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse crear unhas boas condicións para a aprendizaxe.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu relación coas familias do alumnado.
Implícome nas actividades de orientación e tutoría.

Descrición:

Os indicadores de logro recollidos na listaxe anterior serán avaliados (auto-avaliados) mediante unha serie de táboas de indicadores que se corresponden cos seguintes epígrafes. Cada táboa contará coa súa escala de valoración. A maiores, un último indicador de logro refírese ao ritmo das clases e ao grao de cumprimento da programación nun sentido temporal.

ATENDEMOS A DIVERSIDADE

1 Qué fago para coñecer a composición da clase?

- Pasar unha proba a comenzo de curso
- Leo os informe anteriores
- Vexo os resultados da avaliación inicial
- Aportacións do Departamento de Orientación
- Reunións de grupo

2 Teño en conta a diversidade para organizar a clase

3 A miña programación ten en conta a diversidade

4 Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa

- En grupo grande
- En grupo pequeno
- De forma individual

5 Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade

6 Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)

AVALIAMOS A PROGRAMACIÓN

1 Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario

2 Recoilo na programación as competencias clave fundamentais

3 Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto

4 Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..)

VALORAMOS AS ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

1 Os alumnos traballan da seguinte maneira nas miñas clases.

- De forma individual
- En grupos reducidos
- En grupos grandes

2 Os exercicios que propoño son do seguinte tipo

- Pechados, dirixidos, do libro, etc.
- Abertos, procedimentais, diversos, proxectos
- Facilitan o traballo cooperativo

3 Na metodoloxía que aplico:

- Utilizo ferramentas TIC
- Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónomo
- Baséome nas explicacións teóricas e no libro

4 Como paso as horas lectivas (promedio)

- Conseguindo silencio (cubriendo partes, facendo chamadas de atención, etc..)
- Impartindo teoría e explicacións
- Fomentando a participación e respondendo preguntas
- Observando
- Corrixindo ós alumnos e alumnas de xeito individual

AVALIACIÓN

- 1 Antes de comenar unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación
- 2 Utilizo diferentes tipos de probas
 - Exames escritos
 - Exames orais
 - Traballo individual
 - Traballo en equipo
- 3 Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas
 - Non
 - De maneira individual
 - No departamento.
 - Na clase
- 4 Programa recuperacións dependendo dos resultados obtidos
- 5 Na avaliación teño en conta diferentes competencias

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

- 1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
- 2 Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
- 3 Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
- 4 Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
- 5 Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
- 6 Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
- 7 Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
- 8 Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
- 9 Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
- 10 Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
- 11 Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
- 12 Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

- 1 Habitualmente, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
- 2 Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
- 3 Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
- 4 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
- 5 Combínase o traballo individual e en equipo.
- 6 Poténcianse estratexias de animación á lectura.
- 7 Poténcianse estratexias, tanto de expresión como de comprensión, oral e escrita.
- 8 Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- 9 Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade.
- 10 Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados dos traballos realizados.
- 11 Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos traballos.
- 12 Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus acertos e erros.
- 13 Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
- 14 As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos criterios de avaliación.
- 15 Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens tras cada tema e cando menos unha vez por mes, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de

Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento. Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados